

## VOCABULARIO DA 2ª AVALIACIÓN

### COR PLANA (non)

É aquel que está aplicado de xeito plano, sen obter volume e polo tanto sen variacións de tons. É a cor uniforme. Ao longo da historia da arte houbo momentos en que se traballou coa cor plana: no antigo Exipto ou nos frescos da época románica. Máis próximos temos exemplos na pintura de Laxeiro ou o neoplasticismo de Mondrian.

### COR PRIMARIA (non)

As cores primarias son o vermella, o amarelo e o azul. Son aquelas cores fundamentais que non poden ser obtidas pola mestura de outras. Mesturando dúas obtemos unha cor secundaria:

- Vermello e azul: violeta
- Vermello e amarelo: laranxa
- Azul e amarelo: verde

Mesturados a partes iguais obtemos negro. Ao longo da historia da arte houbo movementos artísticos nos que se empregaron con especial énfase como por exemplo no Puntillismo.

### COR SECUNDARIA OU BINARIA (non)

Son o resultado de mesturar a partes iguais dúas primarias. Verde, violeta e laranxa.

### COR COMPLEMENTARIA

Están situados na posición oposta no círculo cromático e o seu uso produce fortes e atractivos contrastes.

- Verde é complementario do vermello
- Laranxa do azul
- Violeta do amarelo

Reálzanse entre sí ao ir asociados pero usándoo de xeito dominante un e o outro de xeito sutil. No Impresionismo foi especialmente intenso o seu uso e no expresionismo tamén logrando fortes contrastes cromáticos.

### COLUMNA SALOMÓNICA


A columna é un elemento sustentante ou soporte cilíndrico que consta de basa, fuste e capitel. No caso da columna salomónica **esta ten o fuste helicoidal.** Abunda o seu uso na etapa barroca. Exemplo: o Baldaquino de San Pedro



## CONTRAFORTE

*Elemento arquitectónico adosado a un muro da construción como se fora unha pilastra, para reforzalo e aguantar os empuxes da bóveda.* Tamén se denomina estribo.

*Característicos da arquitectura románica e do gótico* en que ían separados da parede mediante arbotantes.




## CONTRAPOSTO

Italianismo que significa *contrappuesto*. *Utilízase para describir a posturado corpo humano na cal o eixo vertical da figura erguida traza unha curva atenuada en forma de S.*


*É a oposición harmónica das distintas partes do corpo da figura humana*

Unha perna, a ocupada, soporta o peso principal da figura, mentres que os ombreiros e as cadeiras quedan sesgadas, en direccións opostas, para manter o equilibrio. O *Contrapposto* foi desenvolvido polos gregos na antigüidade e era o recurso que empregaban para dar movemento e sensación de vida á figura e así liberarse da "lei da frontalidade". Logo será empregado no Renacemento.



## CORNIXA

*Término arquitectónico que designa a parte superior do entaboamento, por riba do friso. En xeral é a parte superior e saínte que remata un edificio.*



### CADRO DE HISTORIA

Xénero pictórico que ten como tema un acontecemento histórico ou lexendario relevante e que serven de exemplo a imitar. A súa orixe remóntase ao século XVI, con Miguel Anxo e a *Batalla de Cascina*. No XVII e XVIII e XIX adquire o seu máximo desenvolvemento.

Realízanse en grandes formatos con variedade de personaxes. Soe ser importante a exactitude da reconstrución histórica. Era unha *pintura de carácter oficial* xa que eran as institucións as que as encargaban para decorar edificios públicos. No XX perde importancia. Exemplo: *As Lanzas de Velázquez*




### CADRO DE XÉNERO

Xénero pictórico que representa escenas da vida cotiá de xeito amable ou anecdótico. Ían destinados a decorar interiores domésticos dos clientes burgueses. Normalmente son de gran realismo. Exemplo: *A vella fritindo ovos* de Velázquez



### CÚPULA

É unha bóveda semiesférica ou cuberta enxendrada pola rotación de un arco. Pode cubrir superficies circulares, redondas ou cadradas e elípticas. Para logralo necesita ser complementada por pendentes e trompas. Para pasar dun espazo cadrado a un circular emprégase a **pendente** e para pasar dun espazo cadrado a un poligonal emprégase a **trompa**. Tamén poden estar sobre un tambor ou corpo cilíndrico. Na parte superior poden ter unha lanterna que permita a entrada da luz.




Entre as más impresionantes da historia da arte: Panteón de Roma ou *Santa María de las Flores*, de Brunelleschi.

### CURVA PRAXITELIANA

Contraposto acusado que crea un trazado en S na composición das figuras, característico da obra do escultor grego Praxíteles. Proporciona dinamismo ás figuras.


### DEAMBULATORIO OU XIROLA

Corredor que rodea a traseira do altar maior por onde deambulan os fieis. É un elemento arquitectónico característico das igrexas de peregrinación que necesitaban capacidade e accesibilidade ás reliquias. Este corredor permitía fluidez de circulación para que todo o mundo se acercase a orar ante as reliquiase non interromper as cerimoniais relixiosas.



### DOELA (DOVELA)

Cada unha das pezas en forma de cuña que conforman un arco. A dovela principal chámase CLAVE. A súa parte inferior xunto as das demais forman o intradós do arco.




### ENTABOAMENTO (ENTABLAMENTO)

É a estrutura superior dun edificio na arquitectura clásica grecorromana. Confórmano o arquitrabe, friso e cornixa. Tamén pode designar aos elementos horizontais aguantados por columnas e piares que hai en calquera construción.

### ÉNTASE (ENTÁSIS)

Avultamento da parte central do fuste dunha columna (que soe estar situado a un terzo da súa altura) realizado coa finalidade de **corrixir efectos ópticos como a concavidade**. As columnas da orde dórica son un exemplo.



### ESCULTURA DE VULTO REDONDO

Tipoloxía escultórica na que o que se representa, sexa individual ou conxunto, aparece illado non adherido a ningún plano e está concibida para ser contemplada desde calquera punto de vista. Exemplo: *David* de Miguel Anxo ou *David* de Donatello.






### ESCULTURA EXENTA.

*Tipoloxía escultórica na que o que se representa, sexa individual ou conxunto, aparece traballado na súa totalidade pero que está concibido para ser contemplado desde un só punto de vista (destinadas a unha hornacina)*

Exemplo: *San Jorge* de Donatello ou o *Moisés* de Miguel Anxo



### ESFUMADO/SFUMATO

*Técnica pictórica inventada por Leonardo que consiste en dar aos obxectos contornos diluídos, borrosos, difuminados, co que se consegue efectos atmosféricos e sensación de profundidade así como a integración ambiental, como si o viramos a través dun cristal afumado. Con esta técnica con isto superouse a rixidez liñal da pintura do Trecento e do Quattrocento e **acadar unha pintura máis naturalista**. Leonardo aplicouno na maioría das súas obras. Exem: *A Gioconda**




### ESTATUA ECUESTRE

*Tema iconográfico que representa unha figura a cabalo. Empregarase ao longo da historia da arte cando se quere representar a un monarca ou persoeiro de importancia coma un xeito de dignificación. Exemplos relevantes son: friso das *Panateneas*, fragmento do *cabaleiro Rampin*, estatua ecuestre de *Marco Aurelio*, ou *Gattamelatta*, de Donatello...*



### ESTATUA – COLUMNA

*Tipoloxía escultórica que consiste en adosar unha estatua a unha columna. Realiza a dobre función: decorativa e sustentante. Un exemplo serían as *Cariátides* ou as estatuas do *Pórtico da Catedral de Chartres**




## ESTILO

**Conxunto de trazos formais que aparecen dun xeito constante na obra dun autor, dunha escola ou dun período determinado da historia da arte.** Os gregos denominaban *stylos* ao punzón que se empregaba para escribir sobre tabliñas enceradas e que cada escribano gravaba de xeito diferente coa súa caligrafía. **Cando a Historia da Arte empeza a ter carácter de disciplina académica no XIX empréganse os estilos para clasificalos e definilos.** Hoxe segue a ser un instrumento metodolóxico imprescindible (estilo gótico, estilo románico...)


## FRISO

*Elemento arquitectónico que consiste nunha franxa corrida decorativa que hai nos entaboamentos. Nas ordes clásicas está entre o arquitrabe e a cornixas. Na orde dórica aparece dividido en tríglifos e metopas, mentres que na xónica e corintia é continuo. Un bo exemplo de friso decorativo é o Friso das Panateneas.*



## FUSTE

Do latín *fustis*, significa pao. **Parte vertical da columna que está entre basa ou o estilobato e o capitel. Pode ser liso ou acanalado** como era o xónico e corintio **ou ben estriado** como o dórico; **tamén sogueado** como ocorre na arquitectura asturiana



## ICONOGRAFIA

**Rama da Historia da arte que estuda os temas representados, as súas fontes (texto literario, historia ou alegoría) e o seu significado simbólico.** Na arte occidental hai dúas grandes series iconográficas: a mitoloxía clásica e a cristiá. É o paso previo para o estudio iconolóxico

## ICONOLOXÍA

**É a ciencia que estuda o sentido que as formas e imaxes dunha obra teñen en canto ao que se refire, ao simbólico ou ao alegórico.** Polo tanto é a interpretación dos significados conceptuais, simbólicos e alegóricos das imaxes. **É o estudo do significado simbólico.**

### IMPOSTA


Do latín *imposta*, “posta sobre”. **Moldura ou saínte da que arranxa a curvatura dun arco ou dunha bóveda.** Tamén se pode definir como a parte saínte entre o rematedas xambas e as dovelas do final do arco (chamadas salmer).

#### Esquema de un arco

1. Clave 2. Dovela 3. Trasdós 4. Imposta 5. Intradós 6.

Frecha

7. Luz, Van 8. Contraforte



### LIÑA SERPENTINATA

É un xeito de composición empregado en escultura en forma de xiro violento sobre si mesmo, cun movemento xiratorio dos cadrís, ombreiros e cabeza, **como unha serpentina, producindo un intenso movemento e axitación.** Moi habitual no Manierismo. Un exemplo podería ser o grupo escultórico do *Rapto das Sabinas* de Giambologna

